



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MESÍA

Aprobación inicial mutación demanial

O Pleno municipal, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de agosto de 2026, aprobou inicialmente a mutación demanial obxectiva, por cambio de destino, respecto do ben inmovible da Escola de Educación Infantil de Olas, adscrito ao servizo público educativo, co fin de desafectalo deste destino e afectalo ao uso público socio cultural, sen que isto supoña cambio da súa natureza de ben de dominio público, afecto a un servizo público.

De conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e o artigo 269.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, sométese o expediente a información pública durante o prazo de un mes, para que os interesados poidan presentar as alegacións que estime oportunas

Se durante dito prazo non se presentasen alegacións, a aprobación elevarase a definitiva sen necesidade de novo acordo plenario, e si se presentaran, resolveranse nun novo acordo plenario.

En Mesía, 6 de agosto de 2026.

Asdo./ Mariano Iglesias Castro. Alcalde.

2026/5224